Seguros de aforro	<ul style="list-style-type: none"> <li>Caracterizar os distintos tipos de seguros de aforro</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Razonar qué seguro/s de aforro será máis axeitado as necesidades e características de distintas persoas propostas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Esquemas</li> <li>Informes</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ordenadores, proxector, acceso a internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Relación entre niveis de risco e seguros</li> <li>PE.3 - Elementos dun contrato de seguro</li> <li>PE.4 - Características dos distintos tipos de seguros</li> <li>PE.8 - Fiscalidade dos distintos seguros</li> </ul>	7,0
<b>TOTAL</b>						<b>39,0</b>

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMOS EXIXIBLES

- Argumentar o equilibrio ou desequilibrio económico-financieiro dos estados contables. Propor solucións aos desequilibrios.
- Coñecer as funcións do Banco Central Europeo e do Banco de España
- Distinguir a actividade dos distintos intermediarios financeiros
- Coñecer e distinguir os distintos produtos de pasivo bancarios. Confeccionar liquidacións de xuros de contas á vista e depósitos
- Coñecer e distinguir os distintos produtos de activo bancarios. Cálculo de cantidades a pagar en préstamos, créditos, leasing
- Argumentar cal sería a mellor/es solución/s de financiamento
- Coñecer e distinguir os servizos que ofrece a banca
- Distinguir os activos mobiliarios
- Comparar valores mobiliarios segundo a súa rendibilidade, liquidez e risco
- Avaliar proxectos de inversión segundo os métodos VAN e TIR
- Confeccionar orzamentos
- Detectar desviacións nun orzamento e argumentar solucións
- Coñecer e distinguir os produtos de seguros máis importantes
- Ser quen de aconsellar sobre o produto de seguro de aforro máis axeitado nunha situación determinada

### CRITERIOS DE CUALIFICACION DO ALUMNADO

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe realizarase de forma continua e personalizada. A valoración dos aprendizaxes dos/as alumnos/as farase tomando como referencia os criterios que anteceden nesta programación. O nivel de cumprimento será medido con relación a os resultados de aprendizaxe do ciclo formativo.

O peso da nota obtida en cada unidade didáctica na cualificación final (previa) do módulo será o indicado no apartado 3 desta programación.

Na avaliación teranse en conta distintos aspectos. Por un lado, mediante o seguimento das actividades na clase, ,realización de tarefas, resolución de casos prácticos e cooperación nos grupos de traballo. Por outra a correcta interpretación de preguntas e supostos prácticos sobre temas determinados que conforman as probas obxectivas.

A cualificación global de cada avaliación obterase: das probas escritas (90%), e dos traballos e participación activa na clase (10%) [(1) Calidade dos traballos, prácticas e exercicios propostos na clase, (2) Atención prestada e participación activa de forma oral na clase sobre a unidade didáctica que se estea a impartir, (3) Traballo individual na clase e na casa na resolución das prácticas e traballos propostos e (4)A corrección voluntaria das anteriores para toda a clase].

En todo caso, será necesario que na proba escrita se acade un cinco , para poder aplicar estes criterios.

Ademais o rigor técnico e a adecuada utilización da terminoloxía específica do módulo, requirirase a presentación correcta dos exercicios escritos e dos traballos.

Para superar o módulo será preciso obter unha cualificación de como mínimo cinco puntos en todas e cada unha das avaliacións. Para facilitar ao alumnado a obtención da mesma haberá unha proba final para superar as partes que teñan pendentes ao chegar ao final do curso. A calificación final de cada avaliación farase por ponderación segundo o peso específico de cada unidade formativa establecidas no punto 3 da programación.

O módulo está integrado por dúas unidades formativas, que aínda gardando coherencia entre sí, forman bloques autónomos con obxectivos específicos.

Para acadar o aprobado do módulo será necesario superar as dúas unidades formativas.

A puntualidade, o respecto aos compañeiros e ao profesor, o coidado das instalación e materiais do Centro, etc; son aspectos que non forman parte da avaliación porque se consideran mínimos necesarios para poder formar parte da comunidade educativa.

O módulo é de carácter presencial, polo tanto a asistencia a clases non formará parte da avaliación.

Asistencia e puntualidade: cada 3 faltas de puntualidade computarase unha falta de asistencia non xustificada. Despois de 10 minutos do inicio da clase o alumno/a non poderá entrar en clase e terá unha falta de asistencia non xustificada.

Para a avaliación do alumnado ante o caso dunha educación non presencial ou semipresencial empregaranse os mesmos criterios de avaliación e instrumentos que na educación presencial, coa salvidade que neste caso as probas que se realicen serán mediante: encontros virtuais de tipo oral, examen tipo test on-line ou examen escrito escaneado (usando o teléfono móbil ca ferramenta de Google Drive do seu correo electrónico poden escanear documentación e remitila mediante correo electrónico) entregado ao profesorado, vía correo electrónico ou aula virtual. Para iso será obrigatorio que o alumnado que se examine teña conectada a videocámara da plataforma de videoconferencias, sendo necesario observar o seu rostro así como a mesa na que se sitúa o seu ordenador.

No caso dunha proba oral, esta deberá realizarse de forma individual, será necesario establecer co alumnado o día e a hora a que cada alumno/a deberá conectarse á plataforma de videoconferencias. Para evitar que o alumnado comparta a información das diferentes probas o profesor pode optar por realizar diferentes modelos, sempre co mesmo número de preguntas e cun nivel de dificultade semellante. Durante a resolución o profesor rexistrará as respostas do alumno/a nunha plantilla para que deste xeito quede constancia das súas respostas.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Para o alumnado que teña o módulo pendente, logo de realizada a segunda avaliación parcial, realizarase un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación, que se impartirán entre a data da segunda avaliación parcial e a data da avaliación final. As actividades de recuperación deste módulo realizaranse nun período non superior a tres semanas (DOG Núm. 136 de 15 de xullo de 2011)

Se ó finalizar o curso ou a duración do módulo, o alumno non acadou os obxectivos mínimos esixidos, planificaránselle actividades de recuperación durante o período de tempo no que os seus compañeiros están a facer a FCT

As actividades de recuperación e reforzo poderán consistir en:

- Realización de traballos, resolución de actividades, exercicios prácticos, exposicións, etc., sobre aqueles aspectos nos que se detecte as maiores deficiencias.
- Repetición de determinadas actividades cando se observe que na súa realización o alumno non dedicou o suficiente tempo ou esforzo.
- Realización dunha proba escrita sobre os contidos da avaliación non superada.
- Clases especiais de reforzo para corrixir hábitos de estudo pouco eficaces, falta de motivación cara ó estudio ou capacidades mal adquiridas.

## 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A avaliación continua do/a alumno/a require a asistencia regular ás clases. Quen teña un total de faltas de asistencia non xustificadas ás aulas superior ó 10% do total do horario do módulo (8 horas - 10 sesións- en XDXE) perderá o dereito a presentarse ás probas parciais obxectivas de cada unidade didáctica e mesmo perderá as cualificacións parciais das unidades didácticas ás que se houbese presentado. (Decreto 114/2010, de 1 de xullo), (artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011).

O devandito alumnado non terá dereito a realizar para este módulo as correspondentes actividades de recuperación a que se refiren os artigos 29.3, 31.4 e 34.3 da orde do 12 de xullo de 2011.

Estes/as alumnos/as serán avaliados mediante unha proba extraordinaria de avaliación (proba de carácter obxectivo) sobre toda a programación do módulo. Para estes/as alumnos/as a nota final formarase unicamente coa nota desta proba obxectiva final e deberán obter unha nota de 5 ou superior, expresada con números enteiros, redondeada a unidade máis próxima, para superar o módulo profesional.

Esta proba extraordinaria de avaliación será previa a avaliación final de módulos correspondente.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O profesor revisará ao termo de cada unidade didáctica se a mesma se desenvolveu de acordo co programado en tempo, actividades e obxectivos acadados.

Diariamente irase analizando se o alumnado comprende os contidos e alcanza os obxectivos, mediante a observación do traballo diario destes e a obtención de información ao respecto dos alumnos e alumnas.

O departamento da familia de Administración e Xestión realizará cunha frecuencia mensual unha reunión para o seguimento da programación de cada módulo. Na devandita reunión reflectirase o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións. A programación será revisada ao inicio de cada curso académico.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial terá por obxecto coñecer as características e a formación do alumnado, así como as súas capacidades, e servirá para orientar e situar ao alumnado en relación co seu perfil profesional correspondente.

A través da avaliación inicial procurarase detectar os problemas de aprendizaxe concretos que presenta o alumnado. Unha vez detectadas posibles necesidades de apoio educativo, poranse en marcha medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade, segundo proceda en cada caso concreto (asesorados polo departamento de orientación).

Durante o primeiro mes de clase realizarase unha proba escrita (teórica e práctica), que non se valorará con nota, para comprobar se os alumnos comprenden as unidades explicadas e os exercicios, (art 28 da orde de 12 de xullo de 2011).

O profesor fará unha exposición inicial dos contidos do módulo, coa finalidade de averiguar os coñecementos previos dos alumnos e alumnas

sobre a materia.

## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado con necesidades específicas adoptaranse as medidas contempladas na Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro e o Decreto 225/2011 de 7 de decembro de 2011 que regula a atención á diversidade do alumnado de Galicia.

Proporáanse actividades de reforzo, repaso e afondamento segundo as necesidades de cada alumno/a e adaptarase o ritmo de exposición dos novos conceptos. Utilizaranse metodoloxías diversas e adaptadas a realidade e o entorno no que viven os alumnos/as para que lles sexa máis fácil asimilalos.

Dependendo dos contidos que se desenvolvan, realizaranse diferentes actividades individuais e en grupo, proporáanse debates, cumprimentaranse documentos manexando a lexislación existente, para que os alumnos/as reflexionen sobre a necesidade e a utilidade da información ata que adquiran as destrezas necesarias para o seu manexo.

A atención específica a este alumnado ten por finalidade que estes alumnos poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

En xeral, proporáanse actividades de reforzo, repaso e afondamento segundo as necesidades de cada alumno/a e adaptarase o ritmo de exposición dos novos conceptos. Utilizaranse metodoloxías diversas e adaptadas á realidade e o entorno no que viven os alumnos/as para que lles sexa máis fácil asimilalos.

Para dar resposta a aprendizaxes máis lentos:

- Nalgunhas ocasións proporcionarase máis prácticas sobre resultados de aprendizaxe nos que a profesor detectase que houbo máis dificultade
- O profesor dispón de diversos canles de comunicación cos alumnos/as fóra do horario das clases para atendelos e resolver dúbidas, a través de mensaxería, foros na aula virtual.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Os valores que favorecen a madurez intelectual e humana do alumnado englobáanse nas chamadas ensinanzas ou temas transversais, que non constitúen en si mesmos unha asignatura ou módulo, senón que deben ser tratados dende perspectivas académicas distintas e, polo tanto, inciden parcialmente na programación curricular das diferentes áreas.

O Departamento de Administración debe facer fincapé nas súas ensinanzas na necesidade de tratar temas de Ética Empresarial e Responsabilidade Social Corporativa. En todos os módulos e, en particular no módulo de técnica Contable, trátase o obxectivo social das empresas e os valores que despois se indican. Ocuparémonos da ética no mundo dos negocios e trataremos de que o alumnado comprenda os principios morais e as normas que guían o comportamento no mundo dos negocios. Como é lóxico tamén é preciso analizar as cuestións éticas da nosa vida. Nas ensinanzas transversais tamén se propoñen valores que deben ser transmitidos:

- Educación para a igualdade entre os sexos
- Educación para a saúde
- Educación ambiental
- Educación do consumidor

Unha das características esenciais que debe asumir o ensino actual é o seu compromiso cunha serie de valores básicos para a vida e para a convivencia, e dicir, a incorporación efectiva nos seus proxectos dos valores éticos ( xustiza, solidariedade, igualdade, tolerancia, respecto, paz, saúde,...) que favorezan e fagan posible unha sociedade máis humanizada e democrática.

A educación nos valores non é, soamente, unha dimensión do aprendizaxe a ter en conta no proceso educativo, senón que constitúe un dos factores básicos que determinan a calidade do ensino.

Utilizarase a prensa para comentar noticias relacionadas co módulo ou termos económicos para que se familiaricen co novo vocabulario.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares xogan un papel esencial no reforzo e na dinamización do proceso formativo, dentro e fóra do centro.

As actividades previstas no Departamento son as seguintes:

- Actividades relacionadas co autoemprego.
- Visitas a empresas e organismos públicos.
- Actividades relacionadas co comercio Xusto e consumo responsable.
- Difusión de noticias relacionadas co mundo empresarial.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Información

A programación didáctica do módulo estará a disposición do alumnado na Xefatura de estudos e no departamento.

A comenzos do curso o alumnado será informado sobre os contidos da programación do módulo.

No taboleiro de anuncios da aula o alumnado terá, cun mes de antelación, a información sobre a data dos exames trimestrais e finais da materia. Non se permitirá ningún cambio de datas salvo por circunstancias extraordinarias que así o aconsellen.

### 10.2) Recursos e método

Partirase dos coñecementos previos que teña o alumnado sobre cada unha das unidades didácticas, explicando dende aí os contidos, proporcionando un material didáctico a través do cal os alumnos e alumnas, guiados pola profesor/a, poidan construír o seu propio aprendizaxe, sendo o enfoque eminentemente práctico.

En concreto, consultarase as webs de distintos participantes do sistema financeiro para comprender a actividade que desenvolven, e as ofertas de produtos e servizos financeiros e de seguros que teñen.

Realizaranse comparacións económicas entre distintos produtos, servizos financeiros e de seguros, e activos mobiliarios; así como entre ofertas dun mesmo tipo realizadas por distintas entidades.

Proporcionaranse casos prácticos para analizar equilibrios patrimoniais, valoracións de inversións, e confección de orzamentos.

Os recursos a empregar serán ordenadores con conexión a internet, proxector, aula virtual, calculadora e encerado

#### MODALIDADE DE EDUCACIÓN NON PRESENCIAL E DE EDUCACIÓN SEMIPRESENCIAL OU MIXTA

En previsión da posibilidade dun ensino non presencial ou semipresencial (mixto), desde o inicio do curso abriremos aula virtual para cada curso onde traballaremos as habilidades, estratexias e aprendizaxes simultaneamente co ensino presencial. Así e co obxectivo de que o alumnado adquira a competencia dixital axeitada para desenvolver de forma óptima un ensino non presencial promoveremos a participación en foros, envío de tarefas, utilización e procura de contidos virtuais e demais posibilidades que nos ofrece a plataforma Moodle e as plataformas de vídeo

conferencia propostas pola Consellería de Educación(Cisco Webex Meetings).

Tanto cara o ensino non presencial coma semipresencial empregaranse dúas canles diferenciadas:

- a) A aula virtual da materia e ferramentas educativas on line (tipo Socrative , Moodle e classroom Drive) : Dende esta aula o alumnado poderá descargar apuntamentos da unidade en formato pdf, visualizar as veces necesarias as videopresentacións e videotitoriais realizadas polo profesor da materia así como resolver diferentes test online que lles permitirá reforzar os contidos traballados.
- b) A plataforma de videoconferencias habilitada pola Consellería de educación (Cisco Webex Meetings). Estas videoconferencias aproveitaranse para a resolución de dúbidas e para a explicación daqueles contidos de maior dificultade (resolución dos problemas, explicación dos diferentes conceptos, etc).

### 10.3) Contidos

O centro asegurase de que as características do alumnado e os recursos dispoñibles do alumnado e do centro permitan acollerse a opción formativa telemática. De ser o caso, as programacións didácticas determinarán que aspectos do currículo poden ser obxecto desta metodoloxía. No módulo de Xestión Financeira, todos os contidos, resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación son susceptibles de formación telemática a distancia



**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013758	Laxeiro	Lalín	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CSADG01	Administración e finanzas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0654	Contabilidade e fiscalidade	2023/2024	9	157	188
MP0654_13	Contabilidade	2023/2024	9	97	116
MP0654_23	Fiscalidade	2023/2024	9	30	36
MP0654_33	Análise de estados contables e auditoría	2023/2024	9	30	36

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MANUEL CONDE AROSA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de efectuar a xestión administrativa contable-fiscal, que abrangue aspectos como:

- Rexistro, preparación e control da documentación soporte.
- Análise e aplicación da normativa contable e fiscal.
- Rexistro dos feitos contable derivados das operacións de transcendencia económica e financeira segundo o PXC.
- Xestión das obrigas fiscais e contables dunha empresa.
- Análise dos estados contables dunha empresa.
- Instalación e utilización das aplicacións informáticas de contabilidade e fiscal.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse na área contable e fiscal de pequenas e medianas empresas de calquera sector de actividade.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais h), i) e ñ) do ciclo formativo, e as competencias f), g) e m).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versan sobre:

- Análise e interpretación da normativa mercantil, contable e fiscal.
- Contabilización dos feitos relacionados coa actividade económico-financieira da empresa e coas obrigas fiscais.
- Contabilización das operacións de final do exercicio, obtido o resultado do ciclo económico.
- Contabilización das operacións contables e fiscais derivadas nun exercicio económico completo en soporte informático.
- Formalización dos modelos establecidos pola Facenda pública para cumprir as obrigas fiscais.
- Confección das contas anuais en soporte informático analizando as obrigas derivadas destas.
- Análise da situación económico-financieira e patrimonial dunha empresa con base nos estados contables.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			Resultados	Resultados de aprendizaxe	
					MP0654_13			MP0654_23	MP0654_33	
					RA1	RA2	RA3	RA1	RA1	RA2
1	Contabilización en soporte informático dos feitos contables	Cómo contabilizar e coñecer o CONTAPLUS	50	27	X					
2	Rexistro contable das operacións derivadas do fin do exercicio económico	Operacións de peche de exercicio	50	27		X				
3	Confección das contas anuais	Presentación das contas anuais	16	8			X			
4	Tramitación das obrigas fiscais e contables relativas ao imposto de actividades económicas, ao imposto de sociedades e ao imposto sobre a renda das persoas físicas	Fiscalidade da empresa	36	19				X		
5	Informes de análise da situación económico-financieira e patrimonial dunha empresa	Análise económico e financeiro	18	10					X	
6	Caracterización do proceso de auditoría na empresa	Informe de auditoría	18	9						X
Total:			188							

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Contabilización en soporte informático dos feitos contables	50

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Contabiliza en soporte informático os feitos contables derivados das operacións de transcendencia económico-financeiras dunha empresa, cumprindo os criterios establecidos no Plan Xeral de Contabilidade (PXC).	SI

##### 4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer a estrutura do Plan Xeral Contable	1	Estructura do PXC	3,0
2.1 Analizar coñecer a contabilización dos Recursos Propios	2	Financiación propia. Contabilización	5,0
3.1 Analizar a contabilización dos activos e pasivos financeiros, do Inmobilizado, dos Acreedores e Deudores por operacións comerciais, gastos e ingresos	3	Contabilización Grupos 2,3,4,5,6,7	35,0
4.1 Coñecer e saber facer Balances de comprobación de sumas e saldos	4	Cómo facer Balances de comprobación	2,0
5.1 Aprender a usar Contasol	5	Introducción a CONTASOL	5,0
<b>TOTAL</b>			<b>50</b>

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Comprobase a correcta instalación das aplicacións informáticas e o seu funcionamento.	• LC.1 - Aplicacións informáticas de contabilidade	S	5
CA1.2 Selecciónáronse as prestacións, as funcións e os procedementos das aplicacións informáticas que cumpra empregar para a contabilización.	• LC.2 - Aplicacións informáticas de contabilidade	S	2
CA1.3 Caracterizáronse as definicións e as relacións contables fundamentais establecidas nos grupos, nos subgrupos e nas contas principais do PXC	• PE.1 - Normalización contable. Plan Xeral de Contabilidade. Estudo dos grupos do PXC.	S	15
CA1.4 Rexistráronse, en asentos por partida dobre, as operacións máis habituais relacionadas cos grupos de contas descritos anteriormente.	• PE.2 - Fondos propios e creación da empresa. Fontes de financiamento alleas. Proceso contable do inmobilizado material e intanxible. Proceso contable por operacións comerciais. Contas de persoal: contas relacionadas coa Administración pública. Rexistro contable das operacións financeiras. Rexistro contable da tesouraría.	S	60
CA1.5 Clasificáronse os tipos de documentos mercantís que esixe o PXC, indicando a clase de operación que representan.	• PE.3 - Normalización contable. Plan Xeral de Contabilidade.	S	2
CA1.6 Verifícase o traspaso da información entre as fontes de datos contables.	• PE.4 - Normalización contable. Plan Xeral de Contabilidade.	S	12
CA1.7 Identifícase a estrutura e o xeito de elaboración do balance de comprobación de sumas e saldos.	• PE.5 - Balances de comprobación de sumas e saldos.	S	3
CA1.8 Realizáronse copias de seguridade para a salvagarda dos datos.	• LC.3 - Aplicacións informáticas de contabilidade	S	1

**TOTAL**
**100**
**4.1.e) Contidos**

Contidos
Aplicacións informáticas de contabilidade. Rexistro contable da tesouraría. Balances de comprobación de sumas e saldos. Normalización contable. Plan Xeral de Contabilidade. Estudo dos grupos do PXC. Fondos propios e creación da empresa. Fontes de financiamento alleas. Proceso contable do inmovilizado material e intanxible. Proceso contable por operacións comerciais. Contas de persoal: contas relacionadas coa Administración pública. Rexistro contable das operacións financeiras.

**4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Estructura do PXC - Normas e criterios de valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar a parte 1 do PXC, con especial atención ás Normas de Valoración e aos criterios contables</li> <li>Resolución de dúbidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Lectura dos criterios e normas de valoración. Prantexamento de dúbidas</li> <li>Realización de exercicios sobre o PXC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula virtual do Centro educativo onde o alumno atopará apuntes, exemplos, artigos, estatísticas e a lexislación. (PXC)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula virtual, Equipamento informático do aula, e Internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Normalización contable. Plan Xeral de Contabilidade. Estudo dos grupos do PXC.</li> </ul>	3,0
Financiación propia. Contabilización - Contabilización Grupo 1	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación da contabilización Contas Grupo 1</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución supostos contabilización do Grupo 1</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula virtual do Centro educativo onde o alumno atopará apuntes, exemplos, artigos, estatísticas e a lexislación. (PXC)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula virtual, Equipamento informático do aula e Internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Fondos propios e creación da empresa. Fontes de financiamento alleas. Proceso contable do inmovilizado material e intanxible. Proceso contable por operacións comerciais. Contas de persoal: contas relacionadas coa Administración pública. Rexistro contable das operacións financeiras. Rexistro contable da tesouraría.</li> </ul>	5,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Contabilización Grupos 2,3,4,5,6,7 - Contabilización no Diario	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicación normas valoración Inmobilizado e das Contas do Grupo 2</li> <li>• Explicación normas valoración de Existencias e das Contas do Grupo 3</li> <li>• Explicación normas de valoración activos e pasivos financeiros, e as contas correspondentes dos Grupos 4 e 5</li> <li>• Explicación normas de valoración Acreedores e Deudores por operacións de tráfico, e das Administracións Públicas; e das correspondentes contas do Grupo 4</li> <li>• Explicación normas de valoración das contas de neto de gastos e ingresos, e das correspondentes contas dos Grupos 6 e 7</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización supostos prácticos da contabilización contas do Grupo 2</li> <li>• Realización supostos prácticos da contabilización contas do Grupo 3</li> <li>• Realización supostos prácticos da contabilización contas do Grupo 4 e 5</li> <li>• Realización supostos prácticos da contabilización contas do Grupo 4</li> <li>• Realización supostos prácticos da contabilización contas dos Grupo 6 e 7</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aula virtual do Centro educativo onde o alumno atopará apuntes, exemplos, artigos, estatísticas e a lexislación. (PXC)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aula virtual, Equipamento informático do aula e Internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.2 - Fondos propios e creación da empresa. Fontes de financiamento alleas. Proceso contable do inmovilizado material e intanxible. Proceso contable por operacións comerciais. Contas de persoal: contas relacionadas coa Administración pública. Rexistro contable das operacións financeiras. Rexistro contable da tesouraría.</li> <li>• PE.3 - Normalización contable. Plan Xeral de Contabilidade.</li> <li>• PE.4 - Normalización contable. Plan Xeral de Contabilidade.</li> </ul>	35,0
Cómo facer Balances de comprobación - Balances de sumas e saldos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicación do concepto e elaboración dun Balance de Sumas e Saldos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización de supostos contables para elaborar Balances de Sumas e Saldos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aula virtual do Centro educativo onde o alumno atopará apuntes, exemplos, artigos, estatísticas e a lexislación. (PXC)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aula virtual, Equipamento informático do aula e Internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.5 - Balances de comprobación de sumas e saldos.</li> </ul>	2,0
Introducción a CONTASOL - Aplicacións informáticas contables	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creación dunha empresa en Contasol</li> <li>• Cómo se contabiliza en Contasol</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creación dunha empresa en Contasol</li> <li>• Contabilización suposto práctico completo en Contasol</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aula virtual do Centro educativo onde o alumno atopará apuntes, exemplos, artigos, estatísticas e a lexislación. (PXC)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aula virtual, Equipamento informático do aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.1 - Aplicacións informáticas de contabilidade</li> <li>• LC.2 - Aplicacións informáticas de contabilidade</li> <li>• LC.3 - Aplicacións informáticas de contabilidade</li> </ul>	5,0
<b>TOTAL</b>						<b>50,0</b>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Rexistro contable das operacións derivadas do fin do exercicio económico	50

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Rexistra contablemente as operacións derivadas do fin do exercicio económico con base na información e na documentación dun ciclo económico completo, aplicando os criterios do PXC e a lexislación.	SI

**4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer o proceso de regularización contable 1.2 Coñecer o rexistro contable das operacións do imposto de sociedades 1.3 Coñecer o Cálculo do resultado Contable 1.4 Coñecer cómo se rexistra nos Libros Contables	1	Cálculo do resultado contable e fiscal	30,0
2.1 Coñecer a contabilización das Amortizacións 2.2 Coñecer a contabilización dos Deterioros 2.3 Coñecer a contabilización das Provisións 2.4 Coñecer a contabilización de perdas irreversibles	2	Realización asentos de fin de exercicio	12,0
3.1 Utilizar aplicacións informáticas para o fin do exercicio	3	Contabilización fin de exercicio no Contasol	8,0
<b>TOTAL</b>			<b>50</b>

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Calculáronse e contabilizáronse as correccións de valor que proceda.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Perdas sistemáticas de valor. Amortización. Perdas asistemáticas reversibles. Provisións. Perdas asistemáticas irreversibles. Corrección de valor. Provisións de tráfico. Periodización contable: rexistros contables do imposto sobre sociedades.</li> </ul>	S	30
CA2.2 Recoñecéronse os métodos de amortización máis habituais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Perdas sistemáticas de valor. Amortización</li> </ul>	S	5
CA2.3 Realizáronse os cálculos derivados da amortización do inmovilizado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.3 - Perdas sistemáticas de valor. Amortización</li> </ul>	S	1
CA2.4 Dotáronse as amortizacións que proceda segundo a amortización técnica proposta.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.4 - Perdas sistemáticas de valor. Amortización</li> </ul>	S	4
CA2.5 Realizáronse os asentos derivados da periodización contable.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.5 - Periodización contable: rexistros contables do imposto sobre sociedades.</li> </ul>	S	40
CA2.6 Obtívose o resultado por medio do proceso de regularización.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.6 - Proceso de regularización.</li> </ul>	S	5

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.7 Rexístrouse a distribución do resultado segundo as normas e as indicacións propostas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.7 - Resultado contable.</li> </ul>	S	3
CA2.8 Rexístráronse en soporte informático os feitos contables e fiscais que se xeran nun ciclo económico completo e contidas nos documentos soporte.	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Aplicacións informáticas de contabilidade.</li> </ul>	S	5
CA2.9 Rexístráronse nos libros obrigatorios da empresa todas as operacións derivadas do exercicio económico que sexan necesarias.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.8 - Rexistro dos libros contables.</li> </ul>	S	2
CA2.10 Realizáronse copias de seguridade para a salvagarda dos datos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.2 - Aplicacións informáticas de contabilidade.</li> </ul>	S	5
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Proceso de regularización.  Perdas sistemáticas de valor. Amortización. Perdas asistemáticos reversibles. Provisións. Perdas asistemáticas irreversibles. Corrección de valor.  Provisións de tráfico.  Periodización contable: rexistros contables do imposto sobre sociedades.  Resultado contable.  Rexistro dos libros contables.  Aplicacións informáticas de contabilidade.

#### 4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Cálculo do resultado contable e fiscal - Regularización	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación da problemática contable do Imposto de Sociedades e o IRPF</li> <li>Explicación dos asientos de distribución de resultados</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización suposto de contabilización do Imposto e cálculo das periodificacións fiscais</li> <li>Realización suposto de contabilización do asento de peche e distribución resultados</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula virtual do Centro educativo onde o alumno atopará apuntes, exemplos, artigos, estatísticas e a lexislación. (PXC)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula virtual, Equipamento informático do aula e Internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.6 - Proceso de regularización.</li> <li>PE.7 - Resultado contable.</li> <li>PE.8 - Rexistro dos libros contables.</li> </ul>	30,0



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Realización asentos de fin de exercicio - Amortizacións, Deterioros e Provisións	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicación dos métodos de Amortización</li> <li>• Explicación da contabilización da Amortización</li> <li>• Explicación da contabilización dos Deterioros por existencias, comerciais e de activos financeiros</li> <li>• Explicación da contabilización das Perdas irreversibles e de corrección de valor</li> <li>• Explicación da contabilización das Provisións</li> <li>• Explicación da problemática contable do Imposto de Sociedades nas PYMES</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizar exercicios sobre cálculo amortizacións</li> <li>• Realización supostos contables sobre Amortización Inmobilizado</li> <li>• Realización supostos contables sobre Deterioros por existencias, comerciais e de activos financeiros</li> <li>• Realización supostos contables sobre Perdas irreversibles e de corrección de valor</li> <li>• Realización supostos contables sobre Provisións</li> <li>• Realización supostos contables sobre o Imposto nas PYMES</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aula virtual do Centro educativo onde o alumno atopará apuntes, exemplos, artigos, estatísticas e a lexislación. (PXC)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aula virtual, Equipamento informático do aula, e Internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.1 - Perdas sistemáticas de valor. Amortización. Perdas asistemáticas reversibles. Provisións. Perdas asistemáticas irreversibles. Corrección de valor. Provisións de tráfico. Periodización contable: rexistros contables do imposto sobre sociedades.</li> <li>• PE.2 - Perdas sistemáticas de valor. Amortización</li> <li>• PE.3 - Perdas sistemáticas de valor. Amortización</li> <li>• PE.4 - Perdas sistemáticas de valor. Amortización</li> <li>• PE.5 - Periodización contable: rexistros contables do imposto sobre sociedades.</li> </ul>	12,0
Contabilización fin de exercicio no Contasol - CONTASOL	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicación das operacións de fin de exercicio no CONTASOL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Introducción dun suposto contable de fin de exercicio no CONTASOL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aula virtual do Centro educativo onde o alumno atopará apuntes, exemplos, artigos, estatísticas e a lexislación. (PXC)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aula virtual, Equipamento informático do aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.1 - Aplicacións informáticas de contabilidade.</li> <li>• LC.2 - Aplicacións informáticas de contabilidade.</li> </ul>	8,0
<b>TOTAL</b>						<b>50,0</b>

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Confección das contas anuais	16

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Confecciona as contas anuais e verifica os trámites para o seu depósito no Rexistro Mercantil, aplicando a lexislación mercantil.	SI

**4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer as normas de elaboración das Contas Anuais 1.2 Coñecer as obrigas de comunicación da información contable 1.3 Comprobar as normas de depósito e publicación	1	Que son As Contas Anuais	4,0
2.1 Coñecer cómo se elabora un Balance de Situación 2.2 Coñecer como se elabora a Conta de PeG	2	Elaborar o Balance de Situación e a Conta de Perdas e Ganancias	8,0
3.1 Analizar a Memoria 3.2 Analizar o Estado de cambios do Ptrimonio Neto 3.3 Saber cómo se elabora o Estado de Cambios do Patrimonio Neto	3	O resto das Contas anuais nas grandes empresas	3,0
4.1 Utilizar as aplicacións informáticas de CONTASOL	4	Balance e Perdas e Ganancias no CONTASOL	1,0
<b>TOTAL</b>			<b>16</b>

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Determinouse a estrutura da conta de perdas e ganancias, diferenciando os tipos de resultado que integran.	● PE.1 - Conta de perdas e ganancias. Contas anuais: normas para a súa elaboración.	S	30
CA3.2 Determinouse a estrutura do balance de situación indicando as relacións entre as epígrafes.	● PE.2 - Balance de situación. Contas anuais: normas para a súa elaboración.	S	30
CA3.3 Estableceuse a estrutura da memoria, o estado de cambios no patrimonio e o estado de fluxos de efectivo.	● PE.3 - Estado de cambios no patrimonio neto. Estado de fluxos de efectivo. Memoria. Contas anuais: normas para a súa elaboración.	S	20
CA3.4 Confeccionáronse as contas anuais aplicando os criterios do PXC e utilizáronse as aplicacións informáticas correspondentes.	● LC.1 - Aplicacións informáticas de contabilidade.	S	13
CA3.5 Determináronse os libros contables obxecto de legalización para a súa presentación ante os organismos correspondentes.	● PE.4 - Comunicación da información contable.	S	1
CA3.6 Verificáronse os prazos de presentación legalmente establecidos nos organismos oficiais correspondentes.	● PE.5 - Depósito e publicación das contas anuais.	S	1
CA3.7 Cubríronse os formularios de acordo coa lexislación mercantil, utilizando aplicacións informáticas.	● PE.6 - Depósito e publicación das contas anuais.	S	1

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.8 Comprobase a veracidade e a integridade da información contida nos ficheiros xerados pola aplicación informática.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.7 - Depósito e publicación das contas anuais.</li> </ul>	S	1
CA3.9 Valorouse a importancia das contas anuais como instrumentos de comunicación interna e externa, e información pública.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.8 - Comunicación da información contable.</li> </ul>	S	1
CA3.10 Realizáronse copias de seguridade para a salvagarda dos datos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.2 - Aplicacións informáticas de contabilidade.</li> </ul>	S	1
CA3.11 Valorouse a aplicación das normas de protección de datos no proceso contable.	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.3 - Aplicacións informáticas de contabilidade.</li> </ul>	S	1
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Comunicación da información contable.  Contas anuais: normas para a súa elaboración.  Balance de situación.  Conta de perdas e ganancias.  Estado de cambios no patrimonio neto.  Estado de fluxos de efectivo.  Memoria.  Depósito e publicación das contas anuais.  Aplicacións informáticas de contabilidade.

#### 4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Que son As Contas Anuais - Elaboración e partes das Contas Anuais	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación das normas de elaboración das Contas Anuais</li> <li>Explicación das normas de Depósito, Rexistro e Publicidade das Contas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización cuestionario sobre as normas de elaboración das Contas Anuais</li> <li>Realización cuestionario sobre as normas de Depósito, rexistro e Publicidade das Contas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula virtual do Centro educativo onde o alumno atopará apuntes, exemplos, artigos, estatísticas e a lexislación. (PXC)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula virtual, Equipamento informático do aula e Internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Aplicacións informáticas de contabilidade.</li> <li>PE.4 - Comunicación da información contable.</li> <li>PE.5 - Depósito e publicación das contas anuais.</li> <li>PE.6 - Depósito e publicación das contas anuais.</li> <li>PE.7 - Depósito e publicación das contas anuais.</li> <li>PE.8 - Comunicación da información contable.</li> </ul>	4,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Elaborar o Balance de Situación e a Conta de Perdas e Ganancias - Formulación do Balance e a Conta de PeG	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación do modelo abreviado e Normal dun Balance de Situación</li> <li>Explicación do modelo abreviado e Normal dun Balance de Situación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización exercicio de elaboración Balance Abreviado</li> <li>Realización exercicio de elaboración modelo abreviado de Pe G</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula virtual do Centro educativo onde o alumno atopará apuntes, exemplos, artigos, estatísticas e a lexislación. (PXC)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula virtual, Equipamento informático do aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Conta de perdas e ganancias. Contas anuais: normas para a súa elaboración.</li> <li>PE.2 - Balance de situación. Contas anuais: normas para a súa elaboración.</li> </ul>	8,0
